



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Burela polo que se aproba o expediente de modificación de créditos n.º 59/2020 do Orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto, que non afectan a altas e baixas de crédito de persoal.

TEXTO

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 06/02/2020, sobre transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, como segue a continuación:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económ.				
1621	22799	Trabajos realizados por otras empresas	273.520,45	10.216,30	283.736,75
1622	22799	Trabajos realizados por otras empresas	57.583,25	833,14	58.416,39
163	22799	Trabajos realizados por otras empresas	416.150,21	17.800,11	433.950,32
172	22799	Trabajos realizados por otras empresas	57.583,25	833,14	58.416,39
TOTAL			804.837,16	29.682,69	834.519,85

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 3 de abril de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0709

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

DECRETO

Visto o informe emitido pola Tesoureiría Municipal, do teor literal seguinte:

INFORME DE TESOUREIRÍA

“ASUNTO: INFORME EN RELACIÓN Á NECESIDADE DE MODIFICACIÓN DO PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO DO PADRÓN DE LIXO 1º BIMESTRE 2020 E DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO EXERCICIO 2020”.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real Decreto 929/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, de Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter Nacional.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.
- Real Decreto-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do Covid-19.

ANTECEDENTES.

PRIMEIRO.- O Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional. Na súa disposición adicional terceira, estableceu a suspensión de quince días, de prazos administrativos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplícase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Isto levou ás entidades locais a entender comprendidos na devandita regulación aos procedementos tributarios das súas respectivas Facendas.

Con todo, o Real Decreto 465/2020 do 18 de marzo, que veu a modificar o Real Decreto 463/2020 do 13 de marzo polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, deixou constancia da explícita exclusión da devandita regulación dos procedementos tributarios por tratarse de normativa especial.

SEGUNDO.- Con data 17 de marzo aprobouse a Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. De acordo coa súa exposición de motivos, “é preciso adoptar medidas que proporcionen a necesaria flexibilidade para o axuste temporal das empresas co fin de favorecer o mantemento do emprego e reforzar a protección dos traballadores directamente afectados. Nas próximas semanas moitas empresas van enfrontar a importantes tensións de liquidez derivadas dunha caída das súas vendas, procedentes tanto dunha menor demanda como da interrupción da produción, por exemplo, por falta de subministracións ou por rescisión de determinados contratos. Faise por tanto indispensable adoptar determinadas medidas para reforzar a liquidez do tecido produtivo e evitar a saída do mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria e excepcional”.

TERCEIRO.- Con todo, a pesar desa declaración de intencións, no ámbito local a regulación foi escasa, todo o máis, produciuse unha ampliación de prazos para procedementos xa iniciados á data da aprobación do Real Decreto-Lei 8/2020 ata o 30 de abril.

En caso de procedementos novos de aplicación de tributos (incluídos novas premas ou embargos, que non se paralizan segundo o Real Decreto-Lei 8/2020), a ampliación de prazos levaría ao 20 de maio.

Dita regulación non afecta aos prazos de pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica regulados no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CUARTO.- No Concello de Monforte de Lemos iniciase o próximo 13 de abril o período voluntario de pago do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) ata 14 de xuño .

QUINTO.- O período voluntario de pago da taxa pola recollida de lixo 1º bimestre 2020 iníciase dende o día 27 de abril ata o 29 de xuño.

Á vista do exposto, como Tesoureira do Concello de Monforte de Lemos, en cumprimento das funcións que lle atribúe o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, de Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter Nacional a funcionaria que subscribe,

INFORMA:

PRIMEIRO.- O artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria establece que:

“O pago en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras deberá efectuarse no período comprendido entre o día uno de setembro e o 20 de novembro ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

A Administración tributaria competente poderá modificar o prazo sinalado no parágrafo anterior sempre que devandito prazo non sexa inferior a dous meses”.

SEGUNDO.- A Ordenanza Fiscal Xeral no seu artigo 13 establece que:

“1.- Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de cobro periódico, será o seguinte:

a) Taxa pola recollida de lixo 1º bimestre 2020: do 27 de abril ó 29 de xuño.

b) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica: do 13 de abril ó 14 de xuño.

(...)

Coa indicación de que no caso de que as datas de inicio ou fin sexan coincidentes cun día festivo, trasladaranse as mesmas á data hábil máis próxima”.

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

TERCEIRO.- Por Decreto da Alcaldía de data 23 de marzo de 2020 dispúxose, entre outros extremos:

Revocar as delegacións das atribucións da Alcaldía feitas na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos, por decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2019.

CUARTO.- Dada a situación de excepcionalidade que se está a producir, o período voluntario de pago da taxa de lixo 1º bimestre 2020 e do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica (IVTM) modificaríase de forma que abranguería desde o 1 de xuño ao 31 de xullo.

Polo tanto, enténdese que procede que polo Alcalde se acorde a modificación do período voluntario de pago da taxa pola recollida de lixo 1º bimestre 2020 e do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) do exercicio 2020 de acordo co exposto».

Polo anteriormente exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e con base no informe anteriormente transcrito,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Modificar o período voluntario de pago de taxa de lixo do 1º bimestre de 2020, con base no disposto no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sendo o novo período o comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de xullo de 2020.

SEGUNDO.- Modificar o período voluntario de pago do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM) con base no disposto no artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sendo o novo período o comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de xullo de 2020.

TERCEIRO.- No caso de que calquera das datas indicadas sexan coincidentes cun día festivo, trasladaránse as mesmas ó día hábil posterior.

CUARTO.- Déase traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Monforte de Lemos, 7 de abril de 2020.- O Alcalde, José Tomé Roca, O Secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0720

XOVE*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 1 de abril de 2020 aprobouse o Plan de Disposición de Fondos do Concello de Xove que a continuación se transcribe, o que se expón ao público para xeral coñecemento, podendo interponerse contra o mesmo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DO CONCELLO DE XOVE**PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto do Plan de Disposición de Fondos é outorgar carácter de norma ao conxunto de criterios que permitan que a expedición das ordes de pago contra a Tesourería Municipal se axusten ás disponibilidades desta e aos prazos máximos de pago a provedores previstos na normativa sobre morosidade, con suxección ao principio de

unidade de Caixa polo que se centralizan todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e non orzamentarias, utilizando todos os recursos dinerarios disponibles para o pago das obrigas e baixo a premisa do principio de sostenibilidade financeira recollido na LO 2/2012, de 27 de abril

SEGUNDO. EXCEPCIÓNS

Quedan exceptuados da aplicación deste Plan os pagos seguintes:

-Os pagos en formalización

-Os pagos de obrigas con orixe en gastos financiados con ingresos afectados que, por disposición legal ou por convenio, o seu financiamento constituía tesourería separada

-Os ingresos duplicados, fianzas, depósitos en metálico, reintegros de convenios subscritos con outras entidades públicas, reembolsos de costes orixinados polas garantías depositadas co fin de suspender o procedemento recadatorio

-Devolución de ingresos indebidos ou duplicados

-Pagos ás xuntas de compensación dos cobros realizados pola súa conta

-Pagos que se realicen a través do sistema de pagos a xustificar ou anticipos de caixa fixa.

TERCEIRO.- ORDE XERAL DE PRIORIDADE DE PAGO

O criterio xeral na orde de prelación de pago será o de antigüidade da débeda, en particular a provinte de exercicios pechados. A antigüidade da débeda comenará a computarse para o caso dos gastos, seguindo a orde da fase contable O do gasto, data na que o órgano competente do Concello recoñece a obriga económica respecto a un terceiro, previa conformidade da realización do encargo e acreditación documental suficiente do gasto realizado mediante a factura ou o seu equivalente.

A prelación establecida no Plan de Disposición de Fondos farase efectiva no momento no que o órgano encargado da expedición das ordes de pago conoza a existencia da anotación contable do recoñecemento e liquidación das obrigas. As ordes de pago expedidas materializaranse baixo a premisa do cumprimento dos prazos de pago a provedores que estableza en cada momento a normativa de morosidade.

Cando as disponibilidades de tesourería, certas ou estimadas, non permitan atender ao pago da totalidade das obrigas vencidas e esixibles, estarase ao seguinte orde de prelación:

Nivel 1: Xuros e capital da débeda pública prevista no orzamento

Inclúese neste nivel, en virtude da prioridade absoluta do pago da débeda pública imposta polo artigo 135.3 da Constitución Española, o pago das obrigas da débeda pública do Concello de Xove.

Entenderase por tales as xeradas en concepto de cuotas de amortización e xuros das operacións de crédito a corto e/ou a longo prazo, así como os gastos que deban satisfacerse en concepto de formalización, estudio, cancelación e, en xeral, comisión de calquera especie e natureza derivadas deste tipo de operacións.

Os pagos axustaranse aos vencementos establecidos nos cadros de amortización dos créditos e préstamos correspondentes, criterio de devengo.

Nivel 2: Pagos de gastos de persoal

Inclúense neste nivel todos os gastos de persoal do Concello de Xove xerados con motivo dos servizos prestados tanto na administración como nos órganos de goberno do Concello xa se trate de pagos orzamentarios ou non orzamentarios derivados da execución da nómina, indemnización aos membros da corporación por razón do seu cargo, os gastos de formación e outros gastos de acción social e as comisión por razón do servizo.

Os pagos desta natureza serán satisfeitos na seguinte orde:

a) Retribucións líquidas do persoal: neste nivel atópanse comprendidos os gastos clasificados no capítulo I da clasificación económica dos gastos. A título enunciativo entenderanse incluídas as retribucións líquidas do persoal funcionario, laboral, eventual e as indemnización aos membros da Corporación.

b) Pagos extraorzamentarios a realizar en concepto de cuotas retidas aos empregados por razón de cotizacións á Seguridade Social en calquera dos seus rexímenes, así como os derivados de liquidacións de impostos retidos aos perceptores de rentas aboadas pola Corporación e en especial as correspondentes ao Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas salvo que, en ambos casos, se tivese obtido apazamento da obriga de ingreso de xeito regulamentario.

c) Pagos de natureza orzamentaria en concepto de cotizacións empresariais de calquera réxime da Seguridade Social, excepto apazamento da obriga de pago obtido de xeito regulamentario.

Nivel 3: Tributos estatais e execución de sentenzas

Inclúense neste nivel os pagos non orzamentarios das retencións practicadas no IRPF retidas a terceiros como perceptores das rentas aboadas polo Concello e suxeitas á obriga de practicar retención. Inclúense os pagos a realizar á AEAT por tributos repercutidos a terceiros, liquidacións de IVA e outros tributos, taxas administrativas

e, en xeral, calquera outra obriga tributaria así como as obrigas derivadas da execución de resolucións xudiciais firmes. Se a resolución xudicial de cumprimento obrigatorio é inmediata, terá preferencia sobre o nivel 2 anterior, se así o determina o Xulgado ou Tribunal.

Nivel 4: Pago de obrigas contraídas en exercicios anteriores

Tanto de natureza orzamentaria coma extraorzamentaria, sen incluír os xuros que se poideran entender devengados de acordo co que dispón a L 3/2004, de 29 de decembro.

Asímesmo inclúese neste nivel o pago das obrigas que tiveran que ser contraídas en exercicios anteriores e que o estiveron no exercicio corrente por recoñecemento extraxudicial de créditos mediante o preceptivo acordo, consonte o establecido no RD 500/1990, de 20 de abril.

Inclúense neste nivel os pagos non orzamentarios non incluídos nos niveis anteriores 1 a 3 e correspondentes a exercicios anteriores. Tamén se inclúen os pagos por transferencias e subvencións concedidas en exercicios anteriores.

Nivel 5: Pago de obrigas comerciais do exercicio corrente

Son os pagos de obrigas contraídas no exercicio corrente como contraprestación das operacións comerciais realizadas polo Concello de Xove de conformidade co que dispón a normativa sobre contratación do Sector Público.

Dentro deste nivel atenderase á seguinte orde de prelación de pagos, dentro das disponibilidades de tesourería atendendo sempre ao carácter necesario dos mesmos para o correcto funcionamento dos servizos públicos obrigatorios e a operatividade básica das dependencias administrativas seguintes:

- Pagos por servizos públicos considerados como de primeira necesidade
- Pagos de subministros necesarios para a prestación dos servizos públicos
- Subministros e gastos de funcionamento e mantemento das instalacións
- Primas de seguros

Nivel 6: Outros pagos

Recolleranse neste nivel pola seguinte orde:

- Pagos correspondentes a obrigas do capítulo II do Estado de Gastos
 - Pagos non orzamentarios non incluídos en niveis anteriores e correspondentes a exercicios correntes
- Ttransferencias e subvencións, priorizándose as de contido ou fin benéfico, asistencial e social
- Resto de pagos non incluídos en apartados anteriores, priorizándose segundo a data de aprobación do recoñecemento da obriga

CUARTO. NORMAS DE APLICACIÓN

Excepcionalmente poderá alterarse a orde de prelación de pagos sempre por Resolución motivada da Alcaldía-Presidencia cando o cumprimento estrito da orde de prelación dispoña a paralización de servizos básicos de prestación municipal, ou no caso de gastos que se adeban realizar por disposicións legais, cuxa non realización supón unha ilegalidade ou demora no procedemento dministrativo ou derivados de expedientes suxeitos a prazo tales como publicacións en boletíns oficiais, pagos a notarios, rexistros, etc.

Cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas en que o cobro das mesmas estea condicionado á xustificación do pago dos mencionados gastos, ou no caso de reintegro de subvencións, a xustificación sexa necesaria para a obtención da concesión ou cobro, poderá alterarse a orde de prelación establecida neste Plan coa exclusiva finalidade de xustificar aqueles. Neste caso, a citada afectación respectará en todo caso as prioridades dos niveis 1 a 3, ambos inclusive, deste Plan de Disposición de Fondos.

As obrigas que deriven do recoñecemento de intereses de demora ao amparo da lexislación vixente, entenderanse esixibles cando se efectúe o pago material da obriga principal que motivou a súa esixibilidade. Nos casos de chegar a acordos de quita ou espera cos provedores municipais, ou alguna outra operación singular e especial de pagos, a orde de prelación e preferencia nos pagos será o que se estableza neste documento.

A orde de pagos alterando a orde de prelación establecida neste Plan en ningún caso poderá impedir o cumprimento dos pagos incluídos nos niveis de preferencia establecidos.

Considérase que non hai alteración na orde de prelación de pagos no suposto de que queden obrigas pendentes de satisfacer na Tesourería Municipal por causas imputables a terceiros, facéndose efectivas no momento no que se solventa o problema que orixinou a súa non materialización.

QUINTO. VIXENCIA E ENTRADA EN VIGOR

O presente Plan entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia mantendo a súa vixencia ata a súa modificación, derogación ou aprobación dun novo Plan.

Xove 3 de abril de 2020. O Alcalde.- Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R.0710
